

CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO DO PDC

CONDICIÓN DE ACCESO

Segundo se recolle no artigo 4 da orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria, poderán incorporarse a estes programas as alumnas e os alumnos que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria, non estar en condicións de promocionar ao curso seguinte e que repetisen xa unha vez na etapa.
- b) Tras cursar o terceiro curso, non estar en condicións de promocionar.
- c) Tras repetir o terceiro curso, non superalo.

DESTINATARIOS

Poderán incorporarse aos programas de diversificación curricular as alumnas e os alumnos que cumpran as condicións de acceso mencionadas e nos cales concorran as seguintes circunstancias:

- a) Ter dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e ter sido obxecto doutras medidas de atención á diversidade, sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas, atopándose o alumno/a nunha situación de risco evidente de non alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa cursando o currículo ordinario.
- b) Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán alcanzar as competencias básicas e os obxectivos da etapa e, en consecuencia, obter o título de graduado en educación secundaria.
- c) Ter dado mostra de vontade, esforzo, traballo e interese cara aos estudos, polo que en ningún caso se poderá propoñer para un PDC a alumnos nos que concorran algunha das seguintes circunstancias ao longo do curso:
 - i) Ter partes de abandono nalgunha materia.
 - ii) Manter unha conduta disruptiva que teña coma consecuencia reiteradas comparecencias en Xefatura de estudos sen que, a pesar das sancións impostas, se perciba unha modificación da súa conduta.
 - iii) Ser obxecto da apertura dun expediente de absentismo escolar pola súas reiteradas faltas de asistencia ao centro.

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

A proposta do alumnado que debe seguir un PDC será feita polos Equipos Avaliadores de 2º e 3º da ESO tendo en conta as condicións mencionadas nos tres puntos anteriores.

No caso de que o número de alumnos propostos supere o máximo permitido pola lexislación para o Programa de Diversificación Curricular, na selección darase preferencia por esta orde:

1. Aos alumnos que están repetindo 3º da ESO
2. Aos alumnos matriculados en 3º ou 2º da ESO que xa repetiron dúas veces ao longo da ESO.
3. Aos que repetiron un curso na ESO e outro curso na Educación Primaria

Terase así mesmo en conta que o alumno e a súa familia amosen unha actitude positiva ante o Programa.